

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.  
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CEIP CEDEIRA  
CURSO: 1º  
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS  
DATA: Maio do 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>		
<b>BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS</b>		
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Mínimo esixible</b>
B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas	CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	Manifesta autonomía e coida a presentación nas tarefas.
B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	Participa en actividades individuais e grupais adoitando un comportamento responsable.
B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área.	Coñece a terminoloxía da área.
<b>BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA</b>		
B2.1. Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	CSB2.1.1. Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.  CSB2.1.2. Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.	Recole información sobre aspectos da súa contorna empregando as TIC.  Coñece os elementos básicos da súa contorna.
B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.	CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga.	Coñece as características principais da auga.
B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e	CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes	Valora a importancia do uso responsable da auga.

reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.	elementos ten na súa contorna máis próxima.	
B2.4.Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna	CSB2.4.1.Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo	Coñece os fenómenos atmosféricos máis habituais da súa contorna.
B2.5.Realizar medicións sinxelas de datos e facer pequenos rexistros do tempo atmosférico a nivel local.	CSB2.5.1.Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e gráficas.	
B2.6.Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida.	CSB2.6.1.Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida	Identifica os elementos presentes no ceo.
B2.7.Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo teñen como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.	CSB2.7.1.Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite	Asocia o paso do tempo co movemento dos elementos do ceo.
B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	CSB2.8.1.Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.	Diferencia entre elementos naturais da paisaxe e humanos.
B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	CSB2.9.1.Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.	Valora o coidado da natureza.
<b>BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE</b>		
B3.1.Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuindo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.	CSB3.1.1.Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.	Coñece as relacións simples de parentesco.

B3.2. Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións	CSB3.2.1. Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.	Identifica aos membros da comunidade escolar.
B3.3. Recoñecer a pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	CSB3.3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.	Respecta as normas de convivencia da familia e escola.
B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.	CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.  CSB3.4.2. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.	Identifica as partes da casa.  Identifica diferentes tipos de vivendas.
B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalguna delas.	Coñece algunha diferenza entre cidade e aldea.
B3.7. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debera recoñecer un peón ou peoa para unha circulación	CSB3.7.1. Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.	Coñece as sinais básicas de tráfico como peón.
B3.8. Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación.	CSB3.8.1. Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.	Coñece e valora algunha das festas celebradas na escola.
<b>BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.</b>		
B4.3. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo.	CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.	Sabe os días da semana e os meses do ano.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: revisión e valoración do traballo feito polo alumnado, participación nas videochamadas grupais (tendo en conta as situacións de cada familia para tal fin), actividades de comprobación de dominio dos diferentes contidos, valoración de actividades dos contidos traballados no 1º e 2º trimestre .</p> <p>Instrumentos: caderno da titora (rexistro de seguimento, esforzo, progreso, dificultades, participación nas tarefas propostas neste 3º trimestre) , rúbricas das diferentes unidades traballadas no 1º e 2º trimestre, ficha de seguimento do alumnado.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para obter a cualificación final nesta área terase en conta a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, así como a evolución, o grao de seguimento do curso ata o 13 de marzo, e o grao de seguimento das tarefas propostas durante o terceiro trimestre, tendo en conta que este último punto será valorado sempre positivamente e non perxudicará a súa nota final.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades propostas deberán ir dirixidas a axudar a manter os hábitos e o proceso de aprendizaxe, polo que serán actividades que cheguen a todo o alumnado e que estén orientadas ó desenvolvemento das competencias nesta área.</p> <p>Proporanse actividades en diferentes soportes, como o dixital e interactivo, ademáis de propostas de investigación ou extracción de información mediante maerial visual sobre contidos relacionados coa área.</p> <p>Serán actividades que permitan repasar, reforzar e/ou ampliar os contidos traballados na aula ata o peche dos centros.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A metodoloxía será significativa e motivadora, evitando así cair na repetición e na monotonía á que pode levar o traballo individual na casa.</p> <p>Terase en conta as situacións familiares neste contexto e potenciarase a equidade para todo o alumnado, xa que non sería xusto promover un tipo de aprendizaxe donde non poida acceder todo o alumnado.</p> <p>A interacción entre alumnado e profesor será continua, pondo a disposición das familias e do alumnado o contacto telefónico da titora para calquer aclaración ou dúbida, un correo electrónico que serve para comunicarnos e como vía de entrega e corrección das tarefas propostas, promovendo unha aprendizaxe cunha retroalimentación, que dará significado a esta situación.</p> <p>Ademáis como elemento motivador e espazo de unión entre o alumnado, creouse un blog donde se proporán as tarefas semanais e servirá como mural donde o alumnado poderá ver os seus traballos e os dos seus compañeiros, sempre co permiso das familias.</p> <p>O seguimento titorial e o apoio emocional ó alumnado e as súas familias son de gran relevancia neste contexto.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Empregaranse materiais e recursos en liña postos a disposición do profesorado para estes momentos excepciónais, o libro do alumando, fichas interactivas, material impreso.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>O contacto da titora coas familias e o alumnado é por varias vías , ben a través do teléfono, donde as familias e alumnado o empregan en caso de dúbida ou aclaración, no momento que o precisen, vía whatsapp (xa que é o método que algunhas familias solicitan por distintas causas), co correo electrónico, dende abalar e nas videoconferencias.</p> <p>Desta maneira preténdese recibir e dar información sobre a evolución e o traballo dos nenos e das nenas nestes meses.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>A programación está publicada na páxina web do centro.</p> <p>En canto á publicidade das propostas a nivel centro, durante este tempo, tamén se atopan na páxina web, nos espazos creados durante este periodo “os noso alumnos teñen moito que dicir”, iniciativas polo Día do libro ou iniciativas creativas.</p> <p>En canto as tarefas en relación ao alumnado de 1º, hai unha ligazón na páxina web do centro, donde dende o apartado de 1º acceden directamente ao blog.</p>